



## **CONCELLO DA CORUÑA**

### **CONCELLARÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE**

#### **Convocatoria de subvencións do Concello da Coruña, en réxime de concorrencia competitiva, a asociacións e colectivos no ámbito da Igualdade e a Diversidade (Ref. 702016001- Conv. Igualdade e Diversidade)**

#### **1 Ámbito da convocatoria, finalidade e normativa aplicable**

O Concello da Coruña efectúa esta convocatoria pública de subvencións para o apoio ás asociacións e colectivos activos na promoción da igualdade de xénero e a diversidade, con sede no termo municipal da Coruña.

Apróbase a presente convocatoria de subvencións dirixida ás ditas entidades sen ánimo de lucro, redactada de conformidade co que dispón a Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar (publicada no *Boletín Oficial da Provincia* número 40, do 19 de febreiro de 2005), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e axústase, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Así mesmo, co obxectivo de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que debe cumprir quen exerza a responsabilidade pública do Concello da Coruña, resúltalle de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **2 Crédito orzamentario**

2.1 No Orzamento xeral do Concello da Coruña para o exercicio 2016, figura crédito a través do cal serán atendidas as solicitudes de axudas recollidas na convocatoria e que se poidan outorgar no ano 2016.

As axudas, no ámbito da Igualdade e da Diversidade, faranse efectivas na aplicación orzamentaria 70.231.48900, denominada “outras transferencias correntes a familias e institucións sen fin de lucro” do Orzamento xeral para o exercicio económico 2016, por un importe global de 100.000 euros.

2.2 A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente, logo da tramitación do expediente de modificación de crédito. De conformidade co que dispón o artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no orzamento de que este crédito se incrementa como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderase aplicar á concesión de subvencións, sen necesidade dunha nova convocatoria.

#### **3 Obxecto, modalidade de subvención**

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar economicamente as asociacións na promoción da igualdade de xénero e a



inclusión social, atendendo ás diversidades existentes e á prevención das violencias machistas, de acordo con criterios obxectivos que ponderen a relevancia e coherencia. Para o mellor desenvolvemento do seu cometido, establécense tres tipos de liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

**Liña 1: Fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo** no ámbito dos dereitos das mulleres e a non discriminación por cuestión de diversidade no municipio da Coruña

O obxecto desta liña é o de apoiar economicamente os gastos de funcionamento e dinamización asociativa para contribuír ao fortalecemento e empoderamento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade no municipio da Coruña.

**Liña 2: Actividades facilitadoras da inclusión da Igualdade na Diversidade**

O obxecto desta liña é o de apoiar a realización de actividades e desenvolvemento de iniciativas facilitadoras da inclusión social das diversidades e avance en Igualdade; con especial atención á diversidade de xénero e diversidade sexual, diversidade funcional e/ou de capacidades, así como diversidade cultural e/ou étnica.

*Programas:*

2.1 Fomento da cidadanía inclusiva

2.2 Promoción activa e defensa dos dereitos LGTBQI (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, queers, intersexuais)

**Liña 3: Actividades para a prevención das violencias machistas** no municipio da Coruña

O obxecto desta liña é o de apoiar a posta en marcha e/ou o desenvolvemento de actividades e iniciativas conducentes a avanzar cara a unha cidade libre de violencias machistas.

*Programas:*

3.1 Fomento de actitudes favorables á igualdade de xénero e á erradicación de comportamentos violentos cara ás mulleres.

3.2 Fomento de actitudes favorables aos dereitos das persoas LGTBQI e a repulsa de comportamentos baseados no odio ao *non-heteronormativo*.

Poderase solicitar subvención para unha ou varias liñas e/ou programas subvencionables nunha única solicitude, sempre que a entidade interesada indique cada actividade de forma independente e por orde de preferencia. No caso de presentar solicitude para máis dunha liña, programa ou actividade, a entidade solicitante deberá achegar unha memoria e mais o orzamento de ingresos e gastos para cada unha delas.

#### **4 Gastos subvencionables**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, sexan necesarios para atender a natureza do programa presentado e que se realicen durante o exercicio 2016, de acordo coas seguintes especificacións:

4.1 Na liña subvencionable 1, de “fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo”:



- Gastos de funcionamento e/ou mantemento da asociación (luz, teléfono, alugamento etc.)
- Gastos xerais de actividades asociativas que non teñan posibilidade de imputación a unha actividade concreta (desprazamentos, inscricións a xornadas ou encontros asociativos, feministas, de estudos de xénero, de migracións, multiculturalidade, igualdade etc.)
- Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade asociativa xeral da asociación (materiais divulgativos, presentacións, folletos etc.) e que non poidan ser imputados a unha actividade concreta.
- Gastos de comunicación, reparacións informáticas, mantemento das aplicación web e/ou presenza dixital (web, hosting, blogs etc.)
- Gastos de asesoramento fiscal, laboral contable e financeiro.

4.2 Na liña subvencionable 2, de “actividades facilitadoras da inclusión da igualdade na diversidade”:

- Gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan imprescindibles para a axeitada preparación ou execución desta. Poderanse incluír, como gastos indirectos do proxecto, gastos xerais da entidade, co límite do 20% do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor, excepto gastos financeiros e de asesoramento fiscal, laboral contable e financeiro, sempre que esta entidade non opte aos gastos da liña 1.

4.3 Na liña subvencionable 3, de “actividades para a prevención das violencias machistas”:

- Gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución desta. Poderanse incluír, como gastos indirectos do proxecto, gastos xerais da entidade, co límite do 20% do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor, excepto gastos financeiros e de asesoramento fiscal, laboral contable e financeiro, sempre que esta entidade non opte aos gastos da liña 1.
- 

**Non serán subvencionables** determinados gastos tales como investimentos inventariables, xuros financeiros, cotas de préstamos, tributos, sancións e/ou multas ou penalizacións administrativas.

En ningún caso, poderá contratar a entidade beneficiaria ningún servizo necesario para a execución da actividade subvencionada con persoas ou entidades vinculadas, nos termos sinalados no artigo 68.2 do regulamento da Lei xeral de subvencións, coa entidade beneficiaria ou as persoas que compoñen a súa xunta directiva.

Os gastos que se realicen apartándose da xustificación do programa subvencionado non serán subvencionables. Tampouco serán subvencionables os gastos realizados fóra do prazo de execución ao que se refire a presente convocatoria.

#### **SUBCONTRATACIÓN:**

Poderase subcontratar até o 50% da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:



No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos establecidos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.

No caso de contratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos dos do apartado anterior e cando a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só até o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada, excepto que este incremento supoña un valor engadido á actividade, que deberá ser acreditado. En caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros, é preciso que o órgano concedente da subvención autorice previamente o gasto e que se formalice por escrito.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos en que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención.

## **5 Entidades beneficiarias**

Poderán ser beneficiarias, para efectos da presente convocatoria, as asociacións de mulleres, feministas, de persoas LGTBQI, de persoas migrantes, de persoas con diversidade de capacidades e/ou funcionalidades, así como entidades ou colectivos sen ánimo de lucro que teñan entre os seus fins ou actuacións a promoción da igualdade de mulleres e homes, os dereitos humanos e/ou a erradicación da violencia baseada no machismo. As ditas asociacións deberán estar legalmente constituídas, como entidades sen ánimo de lucro, e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

Quedan excluídas desta convocatoria as asociacións e entidades que sexan beneficiarias, no ano 2016, de convenio nominativo asinado coa mesma ou outra área do Concello da Coruña.

## **6 Requisitos das entidades**

Son requisitos esixibles ás entidades beneficiarias, ademais dos establecidos con carácter xeral no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, os seguintes:

- a) Que, de acordo cos seus estatutos, teñan entre os seus obxectivos e finalidades a promoción efectiva da igualdade e/ou a inclusión social das diversidades.
- b) Que teñan sede social no termo municipal da Coruña e que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).
- c) Que xustificasen as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Coruña, excepto que aínda non transcorrese o prazo de xustificación correspondente.
- d) Que se encontren ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e de Seguridade Social.
- e) Que no exercicio da súa actividade non fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos establecidos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e



homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre Igualdade.

f) Que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.

g) Que as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) que traballen en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante unha certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).

h) Que non se encontren nalgún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria establecidos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.

i) Os demais recollidos na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar e na Lei xeral de subvencións.

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes de subvención e deberanse manter todos eles ao longo do ano 2016.

Non se admitirán a trámite as solicitudes de subvención das entidades que non cumpran todos os requisitos na dita data.

## **7 Procedemento e contía das axudas**

A concesión das subvencións efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, supere o custo da subvención.

O orzamento máximo susceptible de ser subvencionado pode alcanzar até o 100%.

## **8 Distribución global entre liñas e programas subvencionables**

O importe global distribuirase, sempre que as solicitudes presentadas o permitan, cos seguintes límites máximos:

- 1) Programas de fortalecemento e empoderamento do movemento asociativo: até o 40%.
- 2) Programas de fomento da inclusión da Igualdade na Diversidade: até o 30%.
- 3) Programas de prevención das violencias machistas: até o 30%.



Non obstante o anterior, a Administración municipal quedará facultada para a modificación da distribución dos niveis porcentuais indicados se como consecuencia das solicitudes presentadas existise un maior número de proposicións económicas que se orientase en maior densidade a calquera dos programas, co obxecto de establecer unha distribución económica máis equitativa e igualitaria.

## 9 Solicitude e documentación

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega como *anexo \*S0* a esta convocatoria, cuberto en todos os seus apartados. Xunto coa solicitude, deberase achegar a seguinte documentación:

En relación coa entidade solicitante:

- 1) Fotocopia compulsada dos Estatutos polos que se rexe a asociación.
- 2) Fotocopia compulsada do código de identificación fiscal (CIF).
- 3) Memoria descritiva do proxecto ou actividade (segundo o modelo *anexo S1*).
- 4) Orzamento de ingresos e gastos establecidos no proxecto subvencionado (segundo o modelo *anexo S2*).
- 5) Certificado da secretaría da entidade, co visto e prace da presidencia, en que se indiquen as subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional (*anexo S3*).
- 6) Certificación acreditativa dos cargos representativos e dirección social e certificación de quen actúe como secretario/a, co visto e prace da presidenta ou presidente, acreditativa do nomeamento da persoa representante da entidade (segundo o modelo *anexo S4*).
- 7) Fotocopia compulsada do DNI da persoa representante.
- 8) En caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a entidade solicitante poderase acoller ao establecido no parágrafo f) do art. 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se fagan constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitidos e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan (*anexo S5*).
- 9) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados pola entidade interesada, no que respecta ao nome ou denominación social e o número de conta bancaria (segundo se indica na solicitude *anexo S0*).
- 10) Certificados acreditativos de que a entidade se encontra ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado e co Concello da Coruña (poderase autorizar o Concello da Coruña á súa comprobación de oficio das ditas certificacións). Así mesmo,



deberá acreditar un certificado de estar ao corrente das súas obrigas fronte á Seguridade Social. Todos estes certificados poderán substituírse por declaracións responsables se o importe solicitado non supera os 3.000 euros, tal e como se regula no artigo 24.4 do regulamento da Lei xeral de subvencións (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).

- 11) Declaración responsable de que a entidade non está incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos no art. 13 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).
- 12) Declaración responsable do compromiso da entidade de presentar a xustificación das subvencións concedidas no prazo dun mes desde a data de finalización das actividades (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).
- 13) Declaración responsable de que a entidade, no exercicio da súa actividade, no fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación, nos termos establecidos na Lei orgánica 3/20017, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma sobre Igualdade (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).
- 14) Declaración responsable de que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).
- 15) Declaración responsable relativa a que todas as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para tal efecto) que traballen en actividades que impliquen contrato habitual con menores, acrediten que non foron condenadas por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, contan coa correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2016, do 28 de xullo, que modifica a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor) (segundo se recolle na solicitude **anexo S0**).

Os documentos deberán ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

Ademais, deberá achegarse, para a súa valoración:

- a. Certificación de quen actúe como secretaria/o, co visto e prace da presidenta ou presidente, acreditativa do número de persoas asociadas da entidade no ano en curso, distribuídas por sexos.



- b. Memoria da experiencia e capacidade de xestión da entidade, que inclúa as actividades desenvolvidas durante o ano 2015 e as realizadas e establecidas para o ano 2016: proxectos, programas ou actividades executadas e pendentes de desenvolver, onde se especifiquen obxectivos e fins, persoas beneficiarias directas e avaliación das actividades finalizadas, persoal contratado, voluntariado e, en caso de ser unha entidade de nova creación –menos dun ano–, presentárase unha acreditación da dita condición.
- c. Orzamento detallado de ingresos e gastos de funcionamento da entidade en 2016, en que se especifique a cantidade solicitada, de maneira que se poida comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables (**anexo S6**).

En relación coa memoria explicativa, as entidades solicitantes poderán completar a súa solicitude achegando toda aquela documentación que consideren oportuna para unha mellor valoración da súa solicitude.

Cando o importe da subvención proposto na resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, de conformidade co artigo 27 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, poderase instar a entidade á reformulación da súa solicitude.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención. Para tales efectos, a entidade beneficiaria deberá reformular a solicitude identificando aquelas actuacións, entre as establecidas na solicitude inicial, ás que desexa aplicar os fondos que se lle outorguen.

## 10 Presentación e prazo

A solicitude, xunto coa documentación requirida, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, nos rexistros auxiliares ou a través de calquera medio establecido no art. 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo para presentar estas solicitudes será dun mes, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria específica no *Boletín Oficial da Provincia*.

Se se observase que a solicitude estiver incompleta ou defectuosa, requirirase a entidade solicitante para que, no prazo máximo de 10 días, emende ou complemente a falta de documentación preceptiva e indicárase no dito requirimento que, se non se fixer así, a súa petición entenderase como desistida.

## 11 Criterios de valoración

A valoración das axudas establecerase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterios de valoración	Puntuación máxima		
	Programas solicitados na liña 1	Programas solicitados na liña 2	Programas solicitados na liña 3
A) Referidos á entidade			
<i>Experiencia e capacidade de xestión</i>	2	1	1





<i>Grao de execución e xustificación de proxectos e actividades subvencionadas en convocatorias anteriores, atendendo á puntuación:</i> Xustificación correcta e dentro de prazo = 0 puntos Xustificación correcta e fóra de prazo = (-1) punto Xustificación con incidentes = (-2) puntos	0	0	0
<i>Incidencia do obxecto social da entidade sobre a cidadanía: número de persoas vinculadas á asociación/entidade. A entidade con maior número de persoas asociadas e/ou vinculadas asociativamente recibirá a puntuación máxima. Para as demais, valorarase proporcionalmente atendendo á seguinte fórmula:</i> <i>*Pi= 2 x (*n.º de persoas asociadas da entidade obxecto de valoración/*n.º de persoas asociadas da entidade con maior número de socios/as)</i> Sendo: <i>*Pi: puntuación alcanzada pola entidade obxecto de valoración</i>	2	2	2
<i>Contribución á dinamización social en favor da Igualdade</i>	5	1	1
<i>Representación equilibrada de mulleres e homes na composición da xunta directiva (ningún sexo representado en menos do 40%). A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación: Menos do 40% dalgún dos sexos: 0 puntos 40% ou máis de cada sexo: 1 punto</i>	1		
<i>Contribución específica ao empoderamento das mulleres</i>	2		
<i>Contribución á articulación de redes de colaboración con outras entidades (colaboración con outras entidades, realización de actividades conxuntas, coorganización etc.)</i>	6	1	1
<b>Subtotal da puntuación máxima A)</b>	<b>18</b>	<b>5</b>	<b>5</b>
<b>B) Referidos á actividade que se presenta</b>			
<i>Contido da proposta de actividade para a que se solicita subvención, atendendo ao seu interese para o obxecto da convocatoria</i>		6	6
<i>Consideración da interseccionalidade da diversidade na proposta</i>		3	3
<i>Previsión do impacto que a actividade proposta pode ter respecto ao obxectivo da igualdade de xénero</i>		2	2
<i>Incidente segundo o alcance previsto de número de persoas beneficiarias directas da iniciativa ou actividade proposta</i>		2	2
<b>Subtotal da puntuación máxima B)</b>	<b>0</b>	<b>13</b>	<b>13</b>
<b>C) Referidos á documentación presentada</b>			
<i>Relevancia e pertinencia da documentación achegada para a explicación do que se quere facer coa subvención solicitada. Valorarase a ampliación de información detallada que concrete a actividade que se vai desenvolver (obxectivos, fases do desenvolvemento, plan de traballo, estimación do alcance da participación, métodos de traballo etc.)</i>	2	2	2
<b>Subtotal da puntuación máxima C)</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN MÁXIMA</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>20</b>

A distribución do crédito orzamentario asignado a estas subvencións realizarase proporcionalmente á puntuación obtida. Deste xeito, dividirase o total do crédito correspondente a cada liña de subvencións de acordo co establecido na cláusula 8 entre a suma de puntuacións de todas as entidades de cada unha das liñas de subvención para



determinar o importe de axuda por punto obtido (sendo a axuda concedida o resultado de multiplicar o número de puntos de cada entidade polo importe por punto obtido). En caso de se produciren restos, aplicarase o mesmo procedemento nos restos e distribuirase entre as entidades que non consigan o límite.

## **12 Prazo de resolución**

O prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de seis meses, que comezarán a contar a partir da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Unha vez transcorrido o dito prazo sen que o órgano competente ditase e notificase a resolución, as asociacións e/ou colectivos interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

## **13 Mesa de Avaliación**

As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha comisión de valoración ou mesa de avaliación nomeada pola concelleira delegada de Igualdade e Diversidade, integrada por:

Presidenta/presidente: 1 persoa funcionaria (técnica/o superior ou medio/a) da Concellaría de Igualdade e Diversidade

Vogais: 2 técnicas/os da Concellaría de Igualdade e Diversidade

Secretaria/o: 1 persoa funcionaria de carreira da Concellaría de Igualdade e Diversidade

## **14 Procedemento de avaliación das solicitudes**

A solicitude, xunto coa documentación antes referida, recibirase na Concellaría de Igualdade e Diversidade, onde se analizará e se requirirá, no seu caso, a corrección desta.

As solicitudes, xunto coa documentación, remitiráselle á Mesa de Avaliación, para que, unha vez constituída no mesmo acto, se reúna dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da remisión, que será a encargada de valorar as solicitudes presentadas.

Do resultado da reunión ou reunións mantidas por esta comisión de valoración, redactarase unha acta e elaborarse a proposta provisional de concesión de subvención a todas as entidades adxudicatarias ou, no seu caso, de denegación ou exclusión destas.

A proposta de resolución provisional seralles notificada ás entidades solicitantes mediante un anuncio público no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal e concederáselles un prazo de dez días para presentaren as alegacións que consideren convenientes.

O órgano competente para a resolución do procedemento de concesión é a concelleira de Igualdade e Diversidade.

## **15 Notificación da proposta de resolución provisional e proposta de resolución definitiva**

A proposta de resolución provisional notificaráselles ás entidades e asociación interesadas mediante un anuncio público no taboleiro de edictos do Concello da Coruña, situado no Pazo Municipal, praza de María Pita, 1, no taboleiro de anuncios da Concellaría de Igualdade e



Diversidade e na páxina web municipal [www.coruna.es](http://www.coruna.es) o día seguinte á súa aprobación polo órgano competente. Concederáse un prazo de dez días para presentar as alegacións.

Logo de seren examinadas as alegacións aducidas no seu caso polas entidades interesadas, a xefatura de servizo competente na materia formulará, logo dun informe previo da Comisión de Valoración, unha proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, xunto coa súa contía, e deberanse especificar a súa avaliación e os criterios de valoración que se seguiron para a efectuar.

A proposta de resolución definitiva notificaráselles individualmente ás entidades beneficiarias na forma establecida na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que, no prazo de dez días hábiles, que contarán a partir do seguinte a aquel en que reciban a notificación, comuniquen a súa aceptación de maneira expresa. Advertiráselles que, en caso de que non presentaren a aceptación dentro do prazo referido, entenderase que a entidade non acepta a subvención.

Unha vez transcorrido o prazo, o órgano competente resolverá o procedemento mediante unha resolución motivada, en que quedarán acreditados os fundamentos da resolución que se adopte.

A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas na forma legalmente establecida.

## **16 Forma de pago**

Tendo en conta a natureza da subvención e os beneficios desta, poderanse realizar os pagamentos anticipados, de conformidade coa lexislación aplicable e coa Ordenanza de subvencións do concello (art. 40). Os ditos pagos suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, constituirase unha garantía do 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagado polo Concello. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

En todo caso, os pagamentos anticipados deberán ser solicitados expresamente pola persoa/entidade interesada e, no seu caso, realizaranse logo da resolución previa do órgano municipal competente para o outorgamento da subvención. Para poder solicitar o pago anticipado, deberase acreditar que se encontra ao corrente nos seus deberes tributarios coa Axencia Tributaria e o Concello e nos deberes e obrigas coa Seguridade Social.

## **17 Xustificación das subvencións**

Quen resulte ser beneficiaria da subvención estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

Unha vez resolta a concesión, a xustificación segundo as condicións acordadas para aboar a subvención concedida terá a forma de conta xustificativa.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total presentado e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit desta. A entidade beneficiaria deberá xustificar que mantivo un



funcionamento da entidade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación ou adaptación realizada.

#### 17.1. Prazo de xustificación

Un mes, que comezará a contar a partir da finalización do prazo para realizar a actividade e, no caso de actividades finalizadas con anterioridade á recepción da notificación da resolución definitiva de concesión, o prazo dun mes contará a partir do día seguinte ao de recibir esta notificación.

En todo caso, o prazo máximo para admitir xustificacións finaliza o 31 de xaneiro de 2017, incluído.

O concello resérvase o dereito a comprobar, a través dos medios que considere oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en fiscalización de contas.

#### 17.2. Lugar de presentación da xustificación

A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberase presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello, con destino á Concellaría de Igualdade e Diversidade.

#### 17.3. Documentación que é preciso presentar

Deberase xustificar a totalidade do gasto aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude ou coa adaptación da memoria.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento presentado na solicitude de subvención, só se aceptarán desviacións de financiamento cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. En caso de se superar este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, até o límite do 50%. De non se producir unha xustificación adecuada ou non gardar relación o importe xustificado poderá dar lugar á perda do dereito ao cobro total, cando a Mesa de Avaliación non considere alcanzados os obxectivos propostos na actividade, ou parcial da subvención no resto dos casos.

A documentación que cómpre achegar, para os efectos de xustificación, é a seguinte:

1. Impreso de solicitude de xustificación (segundo o **anexo J0**).
2. Memoria explicativa das actividades da entidade en 2016 (segundo o **anexo J1**).
3. Certificación de quen actúe como secretaria/o, co visto e prace da presidenta ou presidente, acerca do Balance de ingresos e gastos realizados, de forma que se poida comprobar a concordancia co orzamento inicial presentado, así como as subvencións e demais ingresos xerados polo mesmo concepto subvencionado (segundo o **anexo J2**).



4. Relación detallada de xustificantes de gasto presentados de acordo co modelo municipal establecido para tal efecto (segundo os **anexos J3 e J3A**). (As liquidacións de axudas de custo, tanto de manutención como de aloxamento e os gastos de locomoción a tanto alzado deberanse acreditar con facturas xustificativas cando se trate de persoal non vinculado por unha relación laboral coa entidade).
5. No seu caso, cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial (*anexo J2*) e informe explicativo das desviacións (segundo se indica na solicitude de xustificación **anexo J0**).
6. Facturas xustificativas do gasto, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de facturación. En caso de presentar fotocopias para cumprir o artigo 73 do regulamento de LXS, antes de facer a fotocopia deberase redactar no orixinal da factura unha dilixencia en que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do servizo deste concello. As facturas deberanse presentar polo conxunto da actividade subvencionada, aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais, a entidade beneficiaria estará obrigada a practicar a retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establecen a lei e o regulamento do imposto ou, no seu caso, deberá acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.
7. Acreditación do pago efectivo das facturas derivadas do obxecto da subvención. O pagamento deberase acreditar preferentemente mediante unha transferencia bancaria; poderase admitir mediante un cheque ou pagos en efectivo, sempre que a cantidade aboada sexa inferior a 500 euros. En caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagamentos, o límite de 500 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo. No caso de pagos en efectivo, deberá figurar claramente na factura a dilixencia de “Pagado”, a sinatura do acredor e o DNI da persoa que acredita o pagamento. Se a factura corresponde a varios tickets de compra, deberanse presentar tamén os tickets como xustificantes de pagamento.
8. No caso de pagos a persoas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, estes gastos débense acreditar coa presentación de facturas que reúnan os requisitos fiscalmente admisibles (a retención de IRPF correspondente), xunto co modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (anual) acreditativo do pagamento realizado pola Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF.
9. No caso de se imputar gastos de persoal: nóminas, será obrigatorio presentar os documentos TC1 e TC2 debidamente validados. O TC1 deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado dun xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo TC2 deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de se realizar telematicamente polo Sistema RED. Deberanse achegar o modelo 111 (trimestral) e o modelo 190 (resumo anual) acreditativos do pagamento realizado á Axencia Tributaria das retencións practicadas ás persoas traballadoras suxeitas ao IRPF.



Os documentos esixidos deberán ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

O concello poderá solicitar calquera material que considere conveniente para a confirmación efectiva da execución da actividade que se vai xustificar (material fotográfico, material de difusión das actividades, datos estatísticos, dossiers de prensa etc.).

## **18 Publicidade**

A) Da convocatoria:

Publicarase un extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* tras remitir a información precisa a BDNS. Así mesmo, esta convocatoria será publicada no taboleiro de anuncios do concello e no portal de subvencións do concello, aloxado na web [www.coruna.es](http://www.coruna.es) unha vez aprobada polo órgano competente.

B) Da entidade:

As asociacións beneficiarias deberán indicar no seu material divulgativo do programa subvencionado o carácter de estar subvencionado polo Concello da Coruña, así como incluír o logo, segundo as especificacións de imaxe corporativa publicadas na web do Concello da Coruña.

## **19 Perda do dereito ao cobro**

O incumprimento dos deberes regulados nesta convocatoria ou na Lei xeral de subvencións dará lugar á incautación da garantía no seu caso e/ou ou ao reintegro ás arcas municipais do importe que proceda. Resultará de aplicación para a súa cobranza o que dispón o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención e até a data en que se acorde a orixe do reintegro, sen prexuízo da sanción a que, no seu caso, corresponda. O acordo de reintegro seralle notificado á entidade interesada, con indicación da forma e o prazo en que debe efectuarse.

O Concello da Coruña obrigará ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia do xuro legal do diñeiro que resulte de aplicación desde o momento do aboamento da subvención até a data de reintegro, nos seguintes supostos:

- a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impeditan.
- b) Incumprimento da normativa específica sobre Igualdade e/ou tratamento da imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigratorio.
- c) Obtención doutras axudas ou ingresos para a mesma actividade que, en concorrencia coa achega municipal, superen o que custe a actividade financiada.
- d) Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación.



e) Incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.

f) En caso de xustificar fóra do prazo establecido na base 17.1 e tras o requirimento efectuado de acordo co que sinala o artigo 70.3 do regulamento da Lei xeral de subvencións.

g) Calquera outra causa das establecidas nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, nos artigos do 74 ao 76, incluídos, do regulamento xeral para a aplicación da citada lei e na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

Así mesmo, reintegrarase o exceso de financiamento nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o custo total da actividade ou programa de que se trate.

En calquera caso, procederá o reintegro total da subvención concedida nos supostos en que se xustifique por importe inferior ao 50% do orzamento total. No suposto de xustificar por un importe inferior ao 90% do orzamento inicial, e sempre que se xustifique cando menos o 50% deste, aboarase a parte proporcional da subvención concedida.

En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro, garantirase o dereito da persoa/entidade interesada á audiencia.

## **20 Deberes das entidades beneficiarias**

As entidades beneficiarias das subvencións estarán obrigadas a:

1. Aceptar a subvención e, en caso de que isto non sexa posible, renunciar a ela.
2. Realizar as actividades e o funcionamento xeral da entidade dentro do exercicio 2016, axustándose aos termos da solicitude.
3. Asumir ao seu cargo a responsabilidade exclusiva do funcionamento da asociación.
4. Acreditar ante o Concello a necesidade dos recursos de funcionamento e cumprir os requisitos e condicións que determinarán a concesión da axuda.
5. Solicitar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento xeral das actividades que se leven a cabo.
6. Proporcionarlle ao departamento xestor do expediente a información funcional, económica e estatística que se lle requira para os efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento se consideren necesarias.
7. Facer constar explicitamente na publicidade e accións de difusión o financiamento do Concello da Coruña, incluíndo o seu logotipo.
8. As demais impostas pola ordenanza municipal, pola Lei xeral de subvencións e polas normas reguladoras da materia.
9. A entidade comprométese a que todo o persoal dedicado a realizar as tarefas que impliquen contacto habitual con menores cumpra co requisito que establece o artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor ao asinar a declaración responsable que está incluída na solicitude e a notificarllo ao concello antes do inicio da actividade.



## **21 Infraccións e sancións**

Constituirán infraccións administrativas sobre subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impor as sancións tipificadas nos artigos do 59 ao 63 da Lei xeral de subvencións, axustándose ao procedemento sancionador establecido na dita lei e sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

## **22 Recursos**

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra esta cabe a interposición do recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Porén, as entidades interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar un recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, e en cuxo caso o prazo para presentar o recurso contencioso administrativo empezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se, no prazo dun mes, non se resolve o recurso de reposición interposto (Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, pola que se modifica a Lei 30/1992).

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados polas persoas ou entidades interesadas nos casos e na forma que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Disposición adicional primeira**

Con carácter xeral, admitiranse fotocopias, sempre que veñan debidamente compulsadas por:

- Notaría.
- Rexistro Xeral do Concello da Coruña.
- O departamento municipal en que consten os documentos orixinais.
- Os organismos públicos a que se refire o artigo 38.5, en relación co artigo 38.4 da Lei 30/1992.

### **Disposición adicional segunda**

Para o non establecido nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello da Coruña para o exercicio 2016, na Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en todas aquelas disposicións normativas que lle resulten de aplicación nesta materia.

A concelleira de Igualdade e Diversidade

Rocío Fraga Sáenz